

PROGRAMACIONES DIDÁCTICAS
CURSO 2022-2023

Departamento tecnoloxía
IES Ribeira do Louro

Indice:

1 Tecnoloxía 2º ESO.

2 Programación 2º ESO

3 Ambito científico matematico 2º ESO

4 Tecnoloxía 4º ESO

5 TIC 4º ESO

6 Ciencias aplicadas 4º ESO

7 Tecnoloxía industrial 2º Bach

8 TIC 2º Bach

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

TECNOLOXÍAS 2º ESO

Curso 2022-2023

IES Ribeira do Louro

Índice

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Obxectivos para o curso.....	4
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	5
4. Concreción do currículo por unidades didácticas e avaliación.....	8
4.1. Primeira avaliación.....	8
4.2. Segunda avaliación.....	11
4.3. Terceira avaliación.....	13
5.Temporalización de actividades e recursos materiais.....	16
6.Currículo e avaliacións.....	19
7. Criterios de calificación.....	20
8. Medidas de atención á diversidade e Avaliación inicial.....	21
9. Actividades complementarias e extraescolares	22
10. Avaliación da programación didáctica.....	22
11. Materias pendentes.....	23
12. Concreción dos elementos transversais.....	23
13. Indicadores de logro do proceso de ensino e a práctica docente.....	27

1. Introducción e contextualización.

A seguinte programación da materia de tecnoloxías do 2º curso da ESO concreta a nosa realidade como centro educativo dos obxetivos, contidos e criterios de avaliación recollidos no DECRETO 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a impartición das clases e realización das actividades e proxectos dispoñemos dos seguintes espazos:

Taller tecnoloxía 1:

- Capacidade para 27 alumn@s
- 9 mesas para traballos de electricidade.
- Material de electricidade
- 4 mesas para traballos en xeral.
- 1 mesa para metais.
- Dous trades de columna.
- Panel variado de ferramentas
- Espazo de almacenamento para cada grupo de traballo.
- Pizarra dixital.
- 5 piletas pequenas.
- Xogos desmontables de mecanismos.
- Colección de libros de texto a disposición do alumnado.

Taller tecnoloxía 2:

- Capacidade para 12 alumnos en pupitres ordinarios.
- 6 mesas para traballos de electricidade.
- 20 ordenadores con conexión a internet
- Ordenador do profesor con proxector.
- Espazo de almacenamento para cada grupo de traballo.
- Material de electricidade.
- 9 robots LEGO mindstorm.
- Material de neumática.
- Pequena biblioteca técnica.

Neste curso haberá tres grupos de 2º de ESO con tres horas de tecnoloxía á semana, distribuídas como mostra a seguinte táboa.

A materia será impartida a todos os grupos polo profesor Antón Silva Tubio e as horas de desdobre pola profesora Raquel Santaolalla Bejarano e polo profesor Antonio Martinez.

2. Obxectivos para o curso.

Están recollidos no DOG número 120 Pxs 26741-26745. Son aqueles obxectivos xerais da etapa que se desenvolven dende a materia. En concreto os máis salientables para este curso serían:

1. Recoñecer os materiais de uso técnico
2. Desenvolver coñecementos básicos de electricidade.
3. Recoñecer e analizar os elementos de mecanismos e estruturas.
4. Utilizar sistemas e aplicacións informáticas para a elaboración dun proxecto.
5. Coñecer os distintos compoñentes dun ordenador
6. Realizar interpretacións a través de debuxos de produtos tecnolóxicos.
7. Adquirir destreza no uso de ferramentas básicas de traballo con madeira.
8. Coñecer e manipular entornos informáticos de simulación de sistemas reais.
9. Coñecer as normas de seguridade nos procesos de conformado do noso taller.
10. Coñecer os principios do entorno de programación gráfico Scratch.

3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Están recollidos no DOG número 120. Paxs 26741-26745 para cada un dos estándares de aprendizaxe establecidos no currículo da Comunidade Autónoma de Galicia.

De maneira xeral, e pola súa natureza, o desenvolvemento da programación da materia de tecnoloxía de 2º ESO contribuirá activamente na adquisición das diferentes competencias:

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O uso instrumental das matemáticas é patente no estudo da materia, tanto á hora de resolver problemas como ao desenvolver programas e aplicacións, sendo necesario para iso a comprensión de obxectos, procesos, sistemas e contornas tecnolóxicas.

Comunicación lingüística

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita son fundamentais, xa que é mediante o uso dunha linguaxe técnica específica como se pretende obter unha comprensión dos contidos desta área. Ademais, o alumnado desenvolverá habilidades relacionadas con esta competencia nos procesos de procura, selección e análise de información, así como na transmisión da mesma empregando distintas canles de comunicación

Competencia dixital

Esta competencia é intrínseca á materia, traballándose en tres vertentes: por unha banda, o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), fundamentais en todo o proceso de recompilación, tratamento e comunicación de información. Doutra banda, o seu uso en proxectos tecnolóxicos, como ferramenta de deseño e simulación. E para rematar, no bloque de programación, desenvolvendo habilidades fundamentais no deseño e desenvolvemento de programas informáticos e aplicacións.

Conciencia e expresións culturais

Desde a área de Tecnoloxía lógrase a adquisición de aptitudes relacionadas coa creatividade mediante o desenvolvemento de solucións innovadoras a problemas tecnolóxicos, a través do deseño de obxectos e prototipos tecnolóxicos, que require dun compoñente de creatividade e de expresión de ideas a través de distintos medios, que pon en relevo a importancia dos factores estéticos e culturais na vida cotiá.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia favorece todas aquelas habilidades sociais necesarias no desenvolvemento de solucións aos problemas tecnolóxicos. Neste sentido, o alumnado terá ocasión de presentar as súas ideas e razoamentos, xustificando e defendendo a súa solución proposta, aprendendo a escoitar opinións contrarias, debatendo, xestionando conflitos, negociando e tomando decisións, sempre con respecto e tolerancia.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O desenvolvemento desta competencia foméntase mediante a creatividade e a asunción de riscos á hora de implementar as solucións suscitadas aos problemas tecnolóxicos, xerando, en caso de ser necesario, novas propostas; e o que é máis importante, transformando ideas en produtos, o que fomenta a innovación e as habilidades de planificar e levar a cabo os proxectos tecnolóxicos deseñados.

Aprender a aprender

Nesta materia trabállase a avaliación reflexiva por parte do alumnado de diferentes alternativas para a resolución dun problema previo, que continúa nunha planificación dunha solución adoptada de forma razoada, e da que continuamente se avalía a súa idoneidade. Ademais, o traballo realizado na adquisición e análise previa de información, favorece a práctica desta competencia.

4. Concreción do currículo por unidades didácticas e avaliacións.

Instrumentos de avaliación. Grao mínimo de consecución

4.1 1ª avaliación

UD 1 Técnicas de expresión gráfica	<ul style="list-style-type: none"><input type="radio"/> Bosquexos e esbozos.<input type="radio"/> Vistas e perspectivas.<input type="radio"/> Acotación e escala.Normalización.
---	--

UD 2 Construción dun prototipo	<ul style="list-style-type: none"><input type="radio"/> Fases dun proxecto técnico.<input type="radio"/> Criterios de selección de materias e técnicas de conformado.<input type="radio"/> Documentación técnica asociada a un proxecto.<input type="radio"/> Planificación do traballo<input type="radio"/> Características do traballo en grupo.
---------------------------------------	--

UD 3 Traballando con madeira no taller	<ul style="list-style-type: none"><input type="radio"/> Materiais industriais preformados de madeira.<input type="radio"/> Ferramentas de medida, trazado e marcado sobre madeira.<input type="radio"/> Elementos de trincado das pezas<input type="radio"/> Conformado con maquinaria:<ul style="list-style-type: none">■ O trade de columna.■ A caladora■ A dremel■ A lixadora orbital<input type="radio"/> Conformado con ferramentas de man:<ul style="list-style-type: none">■ Serra de costela e caixa de bispelar■ A escofina■ A serra de marquetería<input type="radio"/> Unión de pezas:<ul style="list-style-type: none">■ Encolado■ Unión con tirafondos<input type="radio"/> Lixado das pezas<input type="radio"/> Medidas e elementos de seguridade de cada proceso.<input type="radio"/> Medidas de hixiene no traballo no taller
---	---

	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PESO
UD 7 Construción dun prototipo	TEB 1.2.1 Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo	<ul style="list-style-type: none"> ■ Elabora e entrega dentro de prazo: <ul style="list-style-type: none"> - Planos de cada peza (DTEC1) - Follas de proceso (DTEC2) - Follas de pedido (DTEC3) - Follas de incidencias (DTEC4) 	<p>Lista de cotexo para cada documento técnico</p> <p>Calificación das memorias</p>	10%
	TEB 2.1.1 Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de acotación e escala.			
	TEB 1.2.2 Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos	<ul style="list-style-type: none"> ■ O resultado final cumpre os requisitos técnicos exixidos ■ Reflicte o deseño na documentación adxunta ■ Entrega dentro do prazo establecido 	Calificación do prototipo final	30%
	TEB 3.2.1 Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformado dos materiais de uso técnico	<ul style="list-style-type: none"> ■ Executa os diversos procesos de conformado de xeito ordenado ■ Utiliza cada ferramenta axeitada para cada proceso ■ Respecta as medidas de seguridade de cada proceso ■ Ten planificado e distribuído o traballo no taller 	Observación directa	15%
TEB 3.2.2 Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e hixiene				
UD 7	TEB 1.2.3 Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso	<ul style="list-style-type: none"> ■ Reparto de tarefas equitativo ■ Respecta o punto de vista alleo 	Observación directa	10%

UD	Contidos
UD 4 Programando con Scratch	<ul style="list-style-type: none"> ○ Entorno de traballo con Scratch. ○ Traballo con obxectos. Disfraces.Fondos ○ Estructuras de control de fluxo. Condicións e operadores. Bucles ○ Definición e uso de variables. ○ Programación con bloques: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloques de eventos ▪ Bloques de movemento. ▪ Bloques de aparencia ▪ Bloques de control ▪ Bloques de sensor ▪ Bloques de operadores ▪ Bloques de son ▪ Bloques de datos

	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PES O
UD 10 Programando con Scratch	TEB 5.3.1 Diseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico	<ul style="list-style-type: none"> ■ Crear un programa con dous obxectos (mínimo) con movemento. ■ Utilizar unha estrutura cíclica. ■ Controlar con teclas o movemento dun obxecto ■ Utilizar unha estrutura condicional 	Calificación dun proxecto individual	15%

UD	Contidos
UD 5 Materiais de uso técnico	<ul style="list-style-type: none"> ○ Clasificación dos materiais de uso técnico: <ul style="list-style-type: none"> ■ Metais ■ Madeira ■ Pétreos ■ Cerámicos ■ Plásticos ○ Propiedades dos materiais: <ul style="list-style-type: none"> ■ Mecánicas ■ Eléctricas ■ Térmicas ○ Materiais férricos: usos e características ○ Os plásticos: tipos e características

	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PE SO
UD 4 Materiais de uso técnico	TEB 3.1.2 Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos tecnolóxicos cotiás.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Distingue entre metais férricos, aliaxes de cobre e aliaxes de aluminio polas súas características sensoriais e propiedades físicas 	Identificación dunha mostra de metal facéndolle probas eléctricas, magnéticas ou mecánicas	10 %
		<ul style="list-style-type: none"> ■ O alumnado distingue e clasifica os diferentes materiais de uso técnico da súa vida cotiá. 	Realización de experimentos para identificar distintos plásticos	10 %

4.2 2ª avaliación

UD 6 Trazado xeométrico dixital	<ul style="list-style-type: none">○ Trazado xeométrico dixital○ Fundamentos do programa sketchup○ Instruccións básicas do programa sketchup○ Representación de pezas sinxelas 3D utilizando o programa sketchup
--	--

ESTANDAR DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PESO
TEB 2.3.1 Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio	Elaboración de planos 3D mediante o programa sketchup	Entrega de catro planos de pezas reais no prazo indicado polo profesor	15%

UD 7 Circuitos eléctricos básicos

- Fontes de enerxía eléctrica en corrente continua DC:
 - Batería
 - Fonte de alimentación
 - Pila
- Tensión e corrente eléctrica. Natureza e unidades.
- Receptores básicos:
 - Motor
 - Lámpada
 - Zumbador
- Elementos de manobra:
 - Interruptor
 - Botón
 - Conmutador simple
 - Conmutador de cruce
- Resistencia eléctrica. Unidades. O díodo.
- Circuitos serie e paralelo. Propiedades e aplicacións.
- Ferramentas de medida: voltímetro e amperímetro.
- Primeiros pasos co simulador TINA ou similar.

	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PESO
UD 1 Circuitos eléctricos básicos	TEB 4.3.1 Diseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.	■ Analiza e diseña circuitos serie e paralelo e determina a tensión e a corrente baseándose nas características da conexión e na natureza da magnitude.	Proba individual. escrita	10 %
		■ Diseña o esquema eléctrico de circuitos que conteñan como máximo dous receptores empregando a simboloxía axeitada.	Realización do esquema dun circuito proposto en grupos de dous alumnos.	10 %
		■ Monta, seguindo o esquema, circuitos eléctricos cun máximo de dous receptores controlados de forma independente.	Montaxe real dun circuito proposto en grupos de dous alumnos.	15 %
	TEB 4.3.2 Diseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía axeitada, e experimenta cos elementos que o configuran. TEB 5.2.1 Manexa programas e software básicos	■ Implementa un circuito eléctrico no simulador de circuitos, comproba o seu funcionamento e realiza medidas virtuais de tensión e corrente.	Deseño, comprobación e realización de medidas dun circuito proposto coa axuda dun simulador de circuitos.	15 %

UD 8 Mecanismos transmisores de movemento	<ul style="list-style-type: none"> ○ Tipos de movementos: rectilíneo e rotacións. Velocidade de xiro. ○ Ecuación e relación de transmisión. ○ Transmisión entre eixos paralelos: <ul style="list-style-type: none"> ■ Rodas de frición. ■ Rodas - correas. ■ Engrenaxes rectas. ■ Rodas dentadas - cadea. ○ Transmisión entre eixos perpendiculares: <ul style="list-style-type: none"> ■ Parafuso sen fin - coroa ■ Engrenaxes troncocónicas ○ Biela - manivela, leva e excéntrica. ○ Simulación dinámica co programa Working Model.
--	---

	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PESO
UD 2 Mecanismos transmisores de movemento	TEB 4.2.1 Describe, mediante información escrita e gráfica como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	■ Describe o tipo de movemento de saída en función do tipo de mecanismos implicados en sistemas como máximo de dous elementos.	Proba escrita individual	10 %
	TEB 4.2.2 Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engranaxes.	■ Calcula a velocidade de xiro do eixo de saída dun sistema formado como máximo por dous elementos mecánicos.		
	TEB 4.2.4 Simula mediante software específico sistemas mecánicos. TEB 5.2.1 Manexa programas e software básicos	■ Diseña e simula de forma virtual co Working Model sistemas mecánicos de transmisión e transformación de movemento	Exposición ao gupo dun mecanismo deseñado co Working Model en equipos formados por dous alumnos.	15 %

4.3 3ª avaliación

UD 9 Estruturas e esforzos	<ul style="list-style-type: none"> ○ A forza como unha magnitude vectorial. Peso e masa. ○ Elementos estruturais básicos: <ul style="list-style-type: none"> ■ Viga ■ Columna ■ Arco ○ Esforzos fundamentais sobre estruturas cargadas: <ul style="list-style-type: none"> ■ Tracción ■ Compresión ■ Cortadura ■ Torsión ■ Flexión ○ Análise cualitativa de estruturas simples. ○ Simulación estática co programa Working Model ○ Presentación co Impress de Open Office
-----------------------------------	--

	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PESO
UD 3 Estruturas e esforzos	TEB 4.1.1 Describe en formato audiovisual as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Identifica os distintos elementos dunha estrutura real sinxela 	Proba escrita individual de carácter cualitativo	10 %
	TEB 4.1.2 Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura. TEB 5.2.3 Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos	<ul style="list-style-type: none"> ■ Identifica polo menos un tipo de esforzo en cada elemento diferente dunha estrutura simple sometida a carga. 	Exposición e análise en formato dixital dunha estrutura real do entorno do centro	15 %

UD	Contidos
UD 10 O meu ordenador	<ul style="list-style-type: none"> ○ Estrutura dun PC: <ul style="list-style-type: none"> ■ CPU ■ A memoria ■ Unidades e almacenamento ■ Periféricos e portos de entrada / saída ○ Conexión a internet: wifi e cable ○ Operacións básicas co sistema operativo: <ul style="list-style-type: none"> ■ Xestionar ficheiros e carpetas. ■ Instalar e desinstalar programas. ■ Formateo de unidades de almacenamento.

	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PES O
UD 8 O meu ordenador	TEB 5.1.1 Identifica as partes dun computador	<ul style="list-style-type: none"> ■ Recoñece os portos USB, VGA e os periféricos que poden soportar. ■ Identifica a caravilla de conexión do cable de rede. ■ Recoñece dentro da caixa: <ul style="list-style-type: none"> - O microprocesador - A memoria - A tarxeta gráfica - A tarxeta de rede - A tarxeta de son - O disco duro - A fonte de alimentación 	Identificación in situ dos diferentes compoñentes do PC Conexión dos periférico comúns dun PC	20%
	TEB 5.2.1 Manexa programas e software básicos	<ul style="list-style-type: none"> ■ Coñece as funcións básicas do Sistema Operativo: <ul style="list-style-type: none"> - Copiar, cortar, pegar e borrar arquivos. - Crear carpetas e subcarpetas - Instalar e desinstalar programas - Realizar copias de seguridade 	Proba individual práctica diante dun PC	20%

UD 11 Primeiros pasos con Calc	<ul style="list-style-type: none"> <input type="radio"/> A suite ofimática Open Office: descarga e instalación <input type="radio"/> Fundamentos e estrutura dunha folla de cálculo <input type="radio"/> Operacións básicas con filas e columnas <input type="radio"/> Fórmulas básicas da folla de cálculo. <input type="radio"/> Gráficas e táboas. <input type="radio"/> Exportar en distintos formatos
---------------------------------------	---

	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PESO
UD 9 Primeiros pasos con CALC	TEB 5.2.3 Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Entende a estrutura matricial dunha folla de cálculo ■ Utiliza fórmulas sinxelas para realizar operacións cos datos ■ Crea un gráfico cos datos introducidos 	Calificación dun pequeno proxecto con traballo de campo na adquisición de datos	20%

5. Temporalización, actividades e recursos materiais.

Actividade ou tarefa	Recursos	Horas
----------------------	----------	-------

UD 1: Circuitos eléctricos básicos		12 aprox.
2.1 Análise de compoñentes	Compoñentes eléctricos e electrónicos	4
2.2 Análise e resolución de circuitos	Compoñentes, cables, fonte de alimentación	6
2.3 Simulación de circuitos	22 PC´s co con simulador Proxector	
2.4 Deseño cun simulador	22 PC´s co simulador Pizarra dixital	

UD 2: Mecanismos transmisores de movemento		12 aprox.
2.1 Análise cualitativa xogo de mecanismos variados	Colección mecanismos	3
2.2 Resolución movemento de transmisións simples	Pizarra dixital Calculadora	4

UD 3: Estruturas e esforzos		9 aprox.
3.1 Análise de estruturas reais sinxelas	Pizarra dixital 22 PC´s con internet	3
3.2 Exposición en formato dixital das características dunha estrutura do entornno do centro	Pizarra dixital Cámara de fotos dixital 22 PC´s co Impress	4

UD 4: Materiais de uso técnico		6 aprox.
4.1 Identificación dun metal	Mostra de diversos metais Imáns Lima e punzón Balanza Cubeta graduada en cm ³ Parafuso de banco e tenaces	2

4.2 Ensaio térmico con plásticos	Mostra de diversos plásticos Pinzas Soprete de gas Soprador eléctrico aire quente	2
----------------------------------	--	---

Actividade ou tarefa	Recursos	Horas
----------------------	----------	-------

UD 5: Traballando con madeira		4 aprox.
5.1 Tradear co trade de columna	Trade de columna Xogo de brocas de madeira Sarxento Recortes de madeira Gafas de protección	1
5.2 Cortando coa caladora	Caladora Recortes de chapa de madeira Sarxento Gafas de protección	1
5.3 Serrar coa caixa de bispelar	Caixa de bispelar Serra de costela Recortes de listóns de madeira Sarxento	1
5.4 Uso da escofina	Escofina Parafuso de banco Recortes de listóns	1

UD 6: Técnicas de expresión gráfica		6 aprox.
6.1 Trazados elementais co SketchUp	15 PC's co SketchUp	3
6.2 Deseño planos das pezas do prototipo	15 PC's co SketchUp	3

UD 7: Construción dun prototipo		14 aprox.
7.1 Conformado das pezas	Os dispoñibles do taller	8
7.2 Ensamblado das pezas	Os dispoñibles do taller	2
7.3 Elaboración documentos técnicos	25 PC's co OpenOffice	2
7.4 Elaboración da memoria final	25 PC's co OpenOffice	2

Actividade ou tarefa	Recursos	Horas
-----------------------------	-----------------	--------------

UD 8: O meu computador		6 aprox.
8.1 Conexión dun PC cos seus periféricos máis comúns	10 PC´s de sobremesa	2
8.2 Fuchicando dentro da caixa do ordenador	2 PC´s “vellos” abertos	1
8.3 Xestión de arquivos	22 PC´s con conexión a internet	2
8.4 Instalación dun programa	22 PC´s con conexión a internet	1

UD 9: Primeiros pasos con CALC		8
9.1 Creación dunha táboa mixta: criterios de ordenación	22 PC´s con conexión a internet	2
9.2 Utilización de fórmulas elementais	22 PC´s con conexión a internet	2
9.3 Realización dun pequeno proxecto	22 PC´s con conexión a internet	4

UD 10: Programando con Scratch		18
10.1 Realización de exercicios elementais no entorno Scratch	22 PC´s con conexión a internet	8
10.2 Realización dun proxecto en grupos de dous	22 PC´s con conexión a internet	10

6. Currículo e avaliacións

A estrutura das unidades por avaliacións é orientativa e dependerá da evolución de cada grupo

As unidades 8 e 9 veránse durante todo o curso nunha aula específica con equipos informáticos

Na aula de desdobre (cada medio grupo unha hora semanal) a profesora Raquel Santaolalla xestionará o traballo do alumnado no taller 2 de tecnoloxía :

1ª avaliación: Programación con Scratch

2ª avaliación: Deseño 3D con SketchUp

3ª avaliación: Simulación eléctrica co TINA ou similar

7. Criterios de calificación.

A calificación parcial da cada unha das tres avaliacións determinarase a partir da información acadada polas diversas ferramentas de avaliación de cada unidade didáctica

CALIFICACIÓN PARCIAL

11. O valor da cualificación obtida por cada instrumento de avaliación será un número entre 0 e 10.
12. A cualificación parcial de cada avaliación farase coa media **ponderada** tendo en conta o peso de cada instrumento recollidos na táboa 2 para cada unha das tres avaliacións:

$$\text{Cualificación parcial} = \sum (\text{cualificación instrumento} * \text{peso instrumento})$$

- A **nota do boletín** de cada avaliación se determinará por aproximación ao enteiro máis próximo da cualificación parcial. Unha nota igual o superior a 5 indicará que o alumno alcanzou os obxectivos e acadou as competencias curriculares establecidas na programación para cada avaliación.

O alumno cunha **nota do boletín** inferior a 5 terá que presentarse, despois do período de vacacións que segue á 1ª e 2ª avaliación e antes das vacacións de verán para a 3ª avaliación, ás probas de recuperación. Tendo en conta que non terá que repetir as probas asociadas aos instrumentos de avaliación con cualificación maior o igual a cinco. Estas probas de recuperación terán como referencia os graos mínimos de consecución de cada estándar e polo tanto terán unha cualificación máxima de 5 puntos.

Por outra banda, a avaliación sera continua e global tendo en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe e polo tanto, a nota reflexada na terceira avaliación vendrá tal como se indica a continuación:

CUALIFICACIÓN NA TERCEIRA AVALIACIÓN

13. A cualificación na terceira avaliación virá dada pola media aritmética das tres cualificacións parciais anteriormente indicadas.

14. A **nota do boletín** de xuño será a aproximación ao enteiro máis próximo da cualificación global de xuño. Unha nota igual ou superior a 5 indicará que o alumno alcanzou, en termos xerais, os obxectivos e acadou as competencias curriculares establecidas na programación.

Para a obtención da nota final en xunio:

1- Informarase os alumnos as partes a recuperar.

2- Durante o período entre a terceira avaliación e a avaliación final correxiranse, completaranse repetíranse e/ou completaranse as probas e traballos que o longo do curso non se entregaron ou de calificación insuficiente. A partir de estas novas entregas, refaranse as medias de tal modo que:

a) O alumno suspenso recupere a materia cunha calificación de 5.

b) O alumno aprobado na última avaliación parcial teña oportunidade de subir un punto na avaliación final.

CUALIFICACIÓN FINAL EN XUNIO

A **nota do boletín** de xunio será a aproximación ao enteiro máis próximo da cualificación de setembro. Unha nota igual ou superior a 5 indicará que o alumno alcanzou, en termos xerais, os obxectivos e acadou as competencias curriculares establecidas na programación. A efectos administrativos terá a materia de Programación de 2º ESO superada coa nota correspondente.

De xeito voluntario, e se o profesor o considera adoitado, o alumno suspenso na avaliación final de Xuño, poderá realizar un traballo durante o verán proposto polo profesor e que servirá para subir nota. (Terá como máximo un peso do 20% e nese caso o valor do exame contará hasta un 80%).

Ademais o traballo servirlle de repaso ao alumno para presentarse ao exame de setembro.

8. Medidas de atención á diversidade. Avaliación inicial. Actividades de recuperación e reforzo

Avaliación inicial

Terá lugar nos primeiros 15 días do curso, consistirá nunha proba escrita que indique os coñecementos previos e competencias adquiridas respecto a:

- Termos técnicos de uso cotiá.
- Competencias matemáticas básicas.
- Interpretación de esquemas e diagramas básicos.
- Magnitudes físicas elementais.
- Manexo de distintas unidades.

Medidas de atención á diversidade

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar un punto de partida para os contidos que se verán no curso

Coa información desta avaliación inicial e os informes pedagóxicos do alumnado (evolución da escolaridade, TDAH,...), establecerase en colaboración coa orientadora o alumnado que precisa actuacións individuais a nivel curricular ou metodolóxico

- Atención individual intensiva na realización de prácticas
- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas de avaliación

- Apoios en pequeno grupo
- Titorías durante os recreos
- Realización de tarefas en grupo
- Adaptación curricular intensiva de ser o caso.

Actividades de recuperación e reforzo

Durante o curso haberá actividades de recuperación e reforzo para para alumnado específico co gallo de:

-Dar oportunidades ó alumnado con máis dificultades

-Facilitar acadar os obxectivos do curso.

9. Actividades complementarias e extraescolares.

Sen determinar na data de entrega da programación.

10. Avaliación da programación didáctica

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, propoñemos o emprego dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación.

ASPECTOS A AVALIAR	A SALIENTAR...	A MELLORAR...
Temporalización		
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos		
Estratexias metodolóxicas seleccionadas		
Recursos		
Claridade nos criterios de avaliación		
Uso de diversas ferramentas de avaliación		
Atención á diversidade		

11. Materias pendentes.

O alumnado que curse 3º da ESO con Tecnoloxías pendente de 2º será avaliado polo profesor que imparta 3º, e deberá presentar uns traballos ao longo do curso. Estes traballos proporcionaráselle ao alumnado con suficiente antelación e haberá un espazo de tempo suficiente para que poidan preguntarlles as dúbidas aos profesores. Se a valoración destes traballos é positiva non será necesario realizar un examen.

No caso de non presentar os traballos ou entregalos fóra de prazo ou que a súa valoración non sexa positiva, o alumnado deberá presentarse a un exame de contidos mínimos para poder superar a materia. Se a nota é superior a 5 estará aprobado. En caso contrario estará suspenso.

Hai que ter en conta que moitos dos contidos do ano anterior voltará a velos na clase e así será máis doado que acade as competencias básicas necesarias.

10. Concreción dos elementos transversais.

TECNOLOXÍA E PLAN LECTOR

A parte da lectura como ferramenta ineludible para acceder á información en distintos soportes, este curso **propoñeranse algúns títulos** (literatura de ficción con contido técnico ou científico, divulgación):

- La invención de Hugo Cabret
- 2044
- Teoría do tempo imaxinario
- O xogo de Ender

...

Imos traballar a lectura comprensiva (activar coñecementos previos, proporcionar resúmenes ou organizadores, reflexionar logo da lectura) nas tarefas na aula de tecnoloxía,

Lectura de textos diversos

Lectura en voz alta en clase.

Elaboración de esquemas e resúmenes.

Lectura previa do tema a tratar.

Lectura e comentario de artigos de prensa.

Lectura para extraer as ideas principais e secundarias dun texto.

Lectura silenciosa e individual na aula.

Debate, charla e recomendación de lecturas aos compañeiros

Plan lector e TIC

As TIC permiten traballar sobre unha maior diversidade de tipos de textos e favorecen a utilización de enfoques máis prácticos e participativos nos que se pon en xogo recursos e programas específicos como Internet, correo electrónico, foros, procesadores de texto, programas interactivos, programas multimedia

As habilidades para ler esta diversidade de formatos (webs, blogs, audio, video,...) supoñen habilidades específicas de lectura. Neste sentido, é fundamental o coñecemento e posta en práctica das estratexias necesarias para a procura, selección, organización e presentación de información, de maneira que se consigan lectores competentes capaces de transformar esa información en coñecemento.

Tecnoloxía e TIC

A área de tecnoloxía ten un vencello evidente coas TIC.

O uso das TIC en tecnoloxía está orientado a

1. Manipular programas específicos do mundo da tecnoloxía: simuladores de circuitos eléctricos, deseño 3D,...

2. Manipular programas de uso xeral (documentos audiovisuais, presentacións, textos, correos,...) normalmente como apoio a algunha outra tarefa. É importante coidar e afortalar valores críticos na medida que poidamos deste tipo de usos das TIC, que vai ser o maioritario na vida do noso alumnado

EDUCACIÓN AMBIENTAL

Trabállamolo desde a tecnoloxía:

Valorando criticamente o consumo enerxético e o seu uso responsable, no tema da corrente eléctrica, nas fontes de enerxía ou nas enerxías renovábeis
Aproveitando os materiais e reutilizándoos nos proxectos, que se repite continuamente nas tarefas de taller, ou nas relacións da tecnoloxía co medio ambiente

EDUCACIÓN CÍVICA E MORAL

Trabállase cando

- Falamos da enerxía, o impacto ambiental do desenvolvemento tecnolóxico, a contaminación e o esgotamento dos recursos enerxéticos e das materias
- Tamén está presente ao realizar os traballos de electricidade, ao tratar o tema do aforro enerxético
- Cando falamos ou facemos actividades sobre as normas de utilización e conservación de recursos da aula
- Tamén cando falamos de cambios tecnolóxicos e cambios sociais, ou da publicidade

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

En tecnoloxía tratámolo cando falamos de:

- O consumismo e a publicidade.
- As necesidades humanas e a utilidade de moitos dos obxectos que posuímos.
- Dos problemas ocasionados pola sobreexplotación dos recursos naturais.
- O consumo enerxético e de materiais

EDUCACIÓN PARA A PAZ

Traballámolos na tecnoloxía cando

- Fomentamos as relacións harmoniosas na relación interpersoal do alumnado
- En todos os traballos en grupo, asumindo responsabilidades e compromisos, respectando as opinións dos compañeiros, somos capaces de chegar a acordos,...

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Está presente

- Cada vez que tratamos de inculcar a manipulación de ferramentas e materiais de forma segura e responsable.
- Cando recoñecemos e evitamos situacións e condutas que poidan implicar perigos ou riscos para a saúde.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE OS SEXOS

Esta tema transversal traballámolo durante todo o curso.

EDUCACIÓN VIARIA

Como tal podemos atopar apuntamentos máis ou menos sistemáticos nos temas de mecanismos, fontes de enerxía e aforro enerxético, temas nos que falamos dos modelos de transporte, os combustibles fósiles, a transformación de enerxía térmica en mecánica, o rendemento enerxético,...

13. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

	ESCALA			
	1	2	3	4
Indicadores de logro do proceso de ensino				
1.O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				

2. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
3. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
6. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
7. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
8. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
9 . Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
10. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo				

Indicadores de logro da práctica docente	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en				

función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
13 As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares				
14. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
PROGRAMACIÓN 2º ESO
CURSO 2022-2023
IES Ribeira do Louro

Índice

a) Introducción e contextualización.....	3
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	5
c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....	6
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel.....	6
1º. Temporalización.....	6
2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia	10
3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	10
e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	14
f) Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar.....	14
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	15
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	17
i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	18
k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	18
l) Medidas de atención á diversidade.....	19
m) Concreción dos elementos transversais.....	19
n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.....	20
ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	20

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE "PROGRAMACIÓN" 2º ESO

CURSO 2022-2023

a) Introducción e contextualización

Contextualización

Esta programación pretende ser una guía útil para a impartición da materia de Programación no SEGUNDO curso da ESO no ano 2022-2023 no IES Ribeira do Louro de Torneiros (O Porriño). Esta materia é o cuarto ano que se imparte. Cóntanse cunha sesión semanal e unha aula con 24 ordenadores con conexión a internet.

Introdución

A informática desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque está integrada en case todas as tecnoloxías aplicadas para satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, Programación achégalle ao currículo a capacidade de analizar problemas e necesidades do mundo real, e a de deseñar algoritmos que os resolvan e que poidan aplicarse na construción de sistemas tecnolóxicos. Pero ademais, a programación dota o alumnado de técnicas e habilidades que permiten aumentar as súas capacidades de análise e de resolución de problemas que, xunto coa potenciación da capacidade de innovación, proporcionan a esta materia unha grande relevancia educativa. No desenvolvemento das tarefas propias da programación conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente.

A materia de Programación achega os coñecementos informáticos necesarios para resolver problemas deseñando algoritmos e codificando programas, e para adaptarse aos cambios propios do ámbito informático. Daquela, **o bloque "Diagramas de fluxo"** trata os aspectos básicos do deseño de algoritmos e da súa representación mediante diagramas de fluxo. **O bloque "Programación por bloques"** introduce un paradigma de programación que resulta especialmente útil neste nivel educativo, para unha primeira aproximación a esta disciplina, dada a súa sinxeleza e as súas posibilidades técnicas para converter de forma gráfica diagramas de fluxo en programas. **O bloque "Programación web"** introduce as linguaxes de marcas (apoiándose na linguaxe HTML) e as ferramentas

da web 2.0, para aplicar as destrezas de programación á produción de contidos sinxelos ao tempo que interactivos e accesibles.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta poden integrarse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que a programación informática se utilice para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Xa que logo, un enfoque interdisciplinar favorecerá a conexión tanto con outras materias como con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, a programación informática admite tratamentos moi diversos, porque serve tanto para integrar as restantes materias do currículo como para afondar en aspectos específicos da programación ou da elaboración de contidos, sen esquecer que está nomeadamente indicada para reflexionar sobre os temas tecnolóxicos e de actualidade. Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se resolven problemas utilizando un contorno informático de programación e ferramentas de desenvolvemento de contidos, contexto no que a iniciativa, a colaboración e o respecto polos dereitos dos colectivos relacionados coa cultura ou coa produción de programas informáticos son tan importantes como o dominio dos recursos informáticos. A participación pode potenciarse nesta materia resolvendo de modo colaborativo, os problemas mediante a análise e o desenvolvemento de programas, e coa procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe. Débese reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas nos que se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e procurar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Están recollidos no DOG nº 136 do 21 de Xullo de 2015. Pax. 30349-30353. Para cada un dos estándares de aprendizaxe se especifican as competencias clave.

Nesta materia incidiremos no traballo de todas as competencias de xeito sistemático

facendo fincapé nas máis afíns a nosa materia.

A continuación se explica como dende a materia de 2º da ESO de Programación se traballa para acadar cada tipo de competencia.

A contribución da materia de Programación ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a **competencia lingüística** desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A **competencia matemática** e as **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** poden alcanzarse aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos, deseñando algoritmos e analizando o funcionamento de programas, ou mediante a análise e a valoración das repercusións da informática na sociedade. A **competencia dixital**, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos ou para elaborar programas e utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.

Para que o alumnado poida **aprender a aprender**, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as **competencias sociais e cívicas** alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento das TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos para a web. E a **conciencia e as expresións culturais** reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En resumo, a materia de Programación ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender a enorme influencia da informática na sociedade actual e para

desenvolver un conxunto de competencias relacionadas co contexto profesional que serán dunha axuda inestimable na realización de estudos posteriores.

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

Están recollidos no DOGA nº 136 do 21 de Xullo de 2015. (Paxs. 30351-30353). Son aqueles obxectivos xerais da etapa que se desenvolven dende a materia. Nesas páxinas se relaciona por decreto cada estándar cos obxectivos concretos da etapa que se adquiren con eles.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

1º. Temporalización.

A planificación temporal está recollida na táboa 1 seguinte, na que se relaciona cada estándar co número de sesións que se lle asigna (se aproxima a unha hora por sesión, aínda que na realidade son 50 minutos).

Máis adiante, neste apartado detállase a secuencia de actividades/contidos por trimestres.

TEMPORALIZACIÓN (Táboa 1)

Estándares de aprendizaxe	MOMENTO DO CURSO NO QUE SE IMPARTE E ESTIMACIÓN TEMPORAL
Bloque 1. Diagramas de fluxo	
PROB1.1.1. Elabora diagramas de fluxo para deseñar e representar algoritmos.	▪ 1º Trimestre (3h)
PROB1.2.1. Analiza problemas para elaborar algoritmos que os resollen.	▪ 2º Trimestre (2h)

Estándares de aprendizaxe	MOMENTO DO CURSO NO QUE SE IMPARTE E ESTIMACIÓN TEMPORAL
PROB1.2.2. Obtén o resultado de seguir un algoritmo partindo de determinadas condicións.	▪ 2º Trimestre (4h)
PROB1.3.1. Identifica elementos característicos da linguaxe de programación en programas sinxelos.	▪ 2º Trimestre (2h)
Bloque 2. Programación por bloques	
PROB2.1.1. Describe o comportamento dos elementos básicos da linguaxe.	▪ 2º e 3º Trimestre (1h)
PROB2.1.2. Emprega correctamente os elementos do contorno de traballo de programación.	▪ 2º e 3º Trimestre (4h)
PROB2.1.3. Implementa algoritmos sinxelos usando elementos gráficos e interrelacionados para resolver problemas concretos.	▪ 2º e 3º Trimestre (4h)
PROB2.2.1. Realiza programas sinxelos na linguaxe de programación empregando instrucións básicas.	▪ 2º e 3º Trimestre (1h)
PROB2.3.1. Realiza programas de mediana complexidade na linguaxe de programación empregando instrucións condicionais e iterativas.	▪ 2º e 3º Trimestre (4h)
Están recollidos no DOGA num 120 do 29 de Xuño de 2015. Páxs 26735-26738. Para cada un dos estándares de aprendizaxe se especifican as competencias clave.

Na área de Tecnoloxía incidiremos no traballo de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nas máis afíns á área.

A continuación se explica como dende a materia de Tecnoloxía Industrial II se traballa para acadar cada tipo de competencia.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O uso instrumental das matemáticas é patente no estudo da materia, tanto á hora de resolver problemas como ao desenvolver programas e aplicacións, sendo necesario para iso a comprensión de obxectos, procesos, sistemas e contornas tecnolóxicas.

Comunicación lingüística

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita son fundamentais, xa que é mediante o uso dunha linguaxe técnica específico como se pretende obter unha comprensión profunda dos contidos desta área. Ademais, o alumnado desenvolverá habilidades relacionadas con esta competencia nos procesos de procura, selección e análise de información, así como na transmisión da mesma empregando distintas canles de comunicación.

Competencia dixital

Esta competencia é intrínseca á materia, traballándose en tres vertentes: por unha banda, o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), fundamentais en todo o proceso de recopilación, tratamento e comunicación de información. Doutra banda, o seu uso en proxectos tecnolóxicos, como ferramenta de deseño e simulación. E para rematar, no bloque de programación, desenvolvendo habilidades fundamentais no deseño e desenvolvemento de programas informáticos e aplicacións.

Conciencia e expresións culturais

Desde a área de Tecnoloxía lógrase a adquisición de aptitudes relacionadas coa creatividade mediante o desenvolvemento de solucións innovadoras a problemas tecnolóxicos, a través do deseño de obxectos e prototipos tecnolóxicos, que require dun compoñente de creatividade e de expresión de ideas a través de distintos medios, que pon en relevo a importancia dos factores estéticos e culturais na vida cotiá.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia favorece todas aquelas habilidades sociais necesarias no desenvolvemento de solucións aos problemas tecnolóxicos. Neste sentido, o alumnado terá ocasión de presentar as súas ideas e razoamentos, xustificando e defendendo a súa solución proposta, aprendendo a escoitar opinións contrarias, debatendo, xestionando conflitos, negociando e tomando decisións, sempre con respecto e tolerancia.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O desenvolvemento desta competencia se fomenta mediante a creatividade e a asunción de riscos á hora de implementar as solucións suscitadas aos problemas tecnolóxicos, xerando, en caso de ser necesario, novas propostas; e o que é máis importante, transformando ideas en produtos, o que fomenta a innovación e as habilidades de planificar e levar a cabo os proxectos tecnolóxicos deseñados.

Aprender a aprender

Nesta materia trabállase a avaliación reflexiva por parte do alumnado de diferentes alternativas para a resolución dun problema previo, que continúa nunha planificación dunha solución adoptada de forma razoada, e da que continuamente se evalúa a súa idoneidade. Ademais, o traballo realizado na adquisición e análise previa de información, favorece o adestramento de devandita competencia.

c) Concreción dos obxectivos para o curso.

Os obxectivos xerais para a etapa de bacharelato están recollidos no DOGA num 120 do 29 de Xuño de 2015. Páxas 25466-25467. Concretando un pouco máis, e tendo en conta os estándares avaliábeis, os obxectivos máis salientables que se pretenden acadar ao

cursar a materia de Tecnoloxía Industrial II en segundo de bacharelato son os seguintes:

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II

Nas indicacións das páxinas 26729-26730 do DOG 120 do 29 de Xuño de 2015, se explica como contribúe a Tecnoloxía Industrial de bacharelato a adquirir determinadas competencias. De todos os obxectivos que se perseguen na etapa se escollen a continuación os específicos para o segundo curso.

- Adquirir e utilizar adecuadamente vocabulario tecnolóxico
- Explicar conceptos, e elaborar e expoñer información.
- Calcular magnitudes e parámetros, e aplicar técnicas de medición e de análise gráfica no contexto do proceso de resolución técnica de problemas, e construír obxectos e verificar o seu funcionamento.
- Analizar procesos e sistemas tecnolóxicos
- Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular circuitos, sistemas e procesos tecnolóxicos, e para controlar e programar sistemas automáticos.
- Tomar decisións cun certo grao de autonomía,
- Traballar en equipo interactuando con outras persoas e grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas.
- Diseñar, planificar e da xestionar proxectos tecnolóxicos, ao transformar as ideas propias en dispositivos, circuitos ou sistemas.

En función da vixencia e da utilidade dos aspectos que trata Tecnoloxía Industrial, esta materia ofrece, sen dúbida, un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e tecnolóxico, e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coa participación cidadá e co desenvolvemento persoal.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

1º. Temporalización.

A planificación temporal está recollida na táboa 1 seguinte, na que se relaciona cada estándar co número de sesións que se lle asigna (se aproxima a unha hora por sesión, aínda que na realidade son 50 minutos). Cóntase con catro sesións por semana.

TEMPORALIZACIÓN (Táboa 1)

Estándares de aprendizaxe	MOMENTO DO CURSO NO QUE SE IMPARTE E ESTIMACIÓN TEMPORAL
Bloque 1. Materiais	
▪ TI2B1.1.1. Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna.	▪ 1º Trimestre (8h)
▪ TI2B1.1.2. Selecciona o material máis axeitado para unha aplicación concreta, obtendo información por medio das tecnoloxías da información e da comunicación.	▪ 1º Trimestre (8h)
Bloque 2. Principios de máquinas	
▪ TI2B2.1.1. Debuxa esbozos de máquinas empregando programas de deseño CAD, e explica a función de cada un no conxunto.	▪ 1º Trimestre (4h)
▪ TI2B2.1.2. Define as características e a función dos elementos dunha máquina, interpretando planos de máquinas dadas.	▪ 1º Trimestre (4h)
▪ TI2B2.2.1. Calcula rendementos de máquinas tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento.	▪ 1º Trimestre (4h)
▪ TI2B2.2.2. Describe o funcionamento e as partes dos motores térmicos e eléctricos.	▪ 1º Trimestre (4h)
Bloque 3. Sistemas automáticos	
▪ TI2B3.1.1. Define as características e a función dos elementos dun sistema automático, interpretando planos e esquemas destes.	▪ 2º Trimestre (7h)
▪ TI2B3.1.2. Diferencia entre sistemas de control de lazo aberto e pechado, e propón exemplos razoados.	▪ 2º Trimestre (7h)
▪ TI2B3.2.1. Deseña mediante bloques xenéricos sistemas de control para aplicacións concretas, describe a función de cada bloque no conxunto e xustifica a tecnoloxía empregada.	▪ 2º Trimestre (7h)
▪ TI2B3.3.1. Verifica mediante simuladores os sinais de entrada e saída dun sistema automático.	▪ 2º Trimestre (7h)
▪ TI2B3.4.1. Monta fisicamente circuitos simples, interpretando esquemas e realizando gráficos dos sinais nos puntos significativos.	▪ 2º Trimestre (7h)
Bloque 4. Circuitos e sistemas lóxicos	
▪ TI2B4.1.1. Realiza táboas de verdade de sistemas combinacionais, identificando as condicións de entrada e a súa relación coas saídas solicitadas.	▪ 3º Trimestre (4h)
▪ TI2B4.1.2. Deseña circuitos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuito.	▪ 3º Trimestre (4h)
▪ TI2B4.1.3. Deseña circuitos lóxicos combinacionais con bloques integrados, partindo de especificacións concretas, e propón o posible esquema do circuito.	▪ 3º Trimestre (5h)
▪ TI2B4.1.4. Visualiza sinais en circuitos dixitais mediante equipamentos reais ou simulados, e verifica a súa forma.	▪ 3º Trimestre (4h)
Bloque 5. Control e programación de sistemas automáticos	
▪ TI2B5.1.1. Explica o funcionamento dos biestables, indicando os tipos e as súas táboas de verdade	▪ 3º Trimestre (3h)

Estándares de aprendizaxe	MOMENTO DO CURSO NO QUE SE IMPARTE E ESTIMACIÓN TEMPORAL
asociadas.	
▪ TI2B5.1.2. Debuxa o cronograma dun contador e explica os cambios que se producen nos sinais.	▪ 3º Trimestre (3h)
▪ TI2B5.2.1. Obtén sinais de circuitos secuenciais típicos empregando software de simulación.	▪ 3º Trimestre (4h)
▪ TI2B5.2.2. Debuxa cronogramas de circuitos secuenciais partindo dos esquemas destes e das características dos elementos que o compoñen.	▪ 3º Trimestre (3h)
▪ TI2B5.3.1. Deseña circuitos lóxicos secuenciais sinxelos con biestables a partir de especificacións concretas e elaborando o esquema do circuito.	▪ 3º Trimestre (4h)
▪ TI2B5.4.1. Identifica os principais elementos que compoñen un microprocesador tipo e compárao con algún microprocesador comercial.	▪ 3º Trimestre (3h)

Nota: En moitas ocasións trabállanse varios estándares ao mesmo tempo.

É moi importante recalcar que o seguinte índice soamente indica o momento do curso no que se comezan a tratar os contidos, pero non quere dicir que unha vez que se pasa ó seguinte contido non se volvan a tocar ou ampliar os contidos anteriores.

SECUENCIA DE CONTIDOS

No momento de realizar esta programación aínda non se coñecía con certeza a duración de cada trimestre polo que se fai unha estimación vendo o calendario de cursos anteriores e tendo en conta os festivos e vacación escolares deste curso.

Secuenciación de contidos	
Primeiro trimestre	(aproximadamente 31 sesións)
Bloque 1. Materiais	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estrutura interna e propiedades dos materiais. ▪ B1.2. Procedementos de ensaio e medida de propiedades dos materiais. ▪ B1.3. Técnicas de modificación das propiedades dos materiais. 	
Bloque 2. Principios de máquinas	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Máquinas: conceptos fundamentais, estrutura e tipos. ▪ B2.2. Deseño asistido de máquinas e simulación do seu funcionamento. ▪ B2.3. Máquinas térmicas: tipos, funcionamento e aplicacións principais. ▪ B2.4. Máquinas eléctricas: tipos, funcionamento e aplicacións principais. 	

Secuenciación de contidos	
▪ B2.5. Magnitudes que definen as máquinas.	
Segundo trimestre	(aproximadamente 32 sesións)
Bloque 3. Sistemas automáticos	
▪ B3.1. Estrutura e tipos de sistemas automáticos.	
▪ B3.2. Elementos que compoñen un sistema de control. Simbología.	
▪ B3.3. Deseño e simulación de sistemas automáticos.	
▪ B3.4. Representación dos sinais de entrada e saída de sistemas automáticos.	
▪ B3.5. Simulación, montaxe e experimentación de circuítos eléctricos ou pneumáticos.	
Terceiro trimestre	(aproximadamente 32 sesións)
Bloque 4. Circuitos e sistemas lóxicos	
▪ B4.1. Álgebra de Boole. Táboas da verdade. Portas e funcións lóxicas. Simplificación de funcións.	
▪ B4.2. Circuitos lóxicos combinacionais. Circuitos combinacionais integrados.	
▪ B4.3. Deseño, montaxe e simulación de circuitos lóxicos combinacionais. Aplicacións.	
▪ B4.4. Representación e interpretación de sinais.	
Bloque 5. Control e programación de sistemas automáticos	
▪ B5.1. Circuitos lóxicos secuenciais electrónicos.	
▪ B5.2. Biestables: tipos e aplicacións.	
▪ B5.3. Representación dos sinais de saída dos circuitos lóxicos.	
▪ B5.4. Elementos básicos de circuitos secuenciais eléctricos.	
▪ B5.3. Representación dos sinais de saída dos circuitos lóxicos.	
▪ B5.5. Deseño e simulación de circuitos lóxicos secuenciais.	
▪ B5.6. Microprocesador: aplicacións.	

2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia

3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para cada estándar de aprendizaxe definimos un grao mínimo de consecución que se mostra na páxina seguinte na táboa 2.

Os procedementos e instrumentos de avaliación son moi variados e tamén aparecen reflectidos na mesma táboa.

Nesta materia os instrumentos de avaliación serán os seguintes:

- Prácticas individuais
- Prácticas en parella ou equipo

- Exames prácticos
- Exames teóricos

No apartado g explícase de forma detallada como se cualifica a materia.

TÁBOA 2. Páxina 1 Tecnoloxía Industrial II

PRIMEIRA AVALIACIÓN				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRICIÓN DO ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN NA 1ª AVALIACIÓN
1	TI2B1.1.1.	<ul style="list-style-type: none"> Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna. 	<ul style="list-style-type: none"> Describe o esencial dos tratamentos típicos de modificación de propiedades dos materiais. (Temple, recocido, revenido, técnicas de protección contra a corrosión, fabricación de composites) recoñecendo os obxectivos dos mesmos. 	<ul style="list-style-type: none"> Presentación colaborativa sobre tratamentos. Exposición oral <p>10%</p>
2	TI2B1.1.2.	<ul style="list-style-type: none"> Selecciona o material máis axeitado para unha aplicación concreta, obtendo información por medio das tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> É capaz de indicar al menos un dos materiais axeitados para unhas aplicacións dadas tendo en conta as súas propiedades. Explica os diferentes ensaios con corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> Práctica en parellas con internet Práctica individual con internet Presentación colaborativa sobre ensaios. Exposición oral <p>2,5%</p> <p>2,5%</p> <p>10%</p>
3	TI2B2.1.1.	<ul style="list-style-type: none"> Debuxa esbozos de máquinas empregando programas de deseño CAD, e explica a función de cada un no conxunto. 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza coa axuda do SketchUp ou similar planos exactos e acotados de partes de máquinas e imprime o prototipo 3D. 	<ul style="list-style-type: none"> Planos dixitais Obxecto 3D <p>12,5%</p> <p>12,5%</p>
4	TI2B2.1.2.	<ul style="list-style-type: none"> Define as características e a función dos elementos dunha máquina, interpretando planos de máquinas dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Distingue os tipos de motores eléctricos e térmicos vendo esquemas dos mesmos. Recoñece as partes fundamentais de motores eléctricos e térmicos e a súa función. 	<ul style="list-style-type: none"> Unha parte do exame individual escrito <p>10%</p>
5	TI2B2.2.1.	<ul style="list-style-type: none"> Calcula rendementos de máquinas tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> Calcula rendementos de máquinas eléctricas e rendementos ou eficiencias de máquinas térmicas a partir das súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> Unha parte do exame individual escrito <p>20%</p>
6	TI2B2.2.2.	<ul style="list-style-type: none"> Describe o funcionamento e as partes dos motores térmicos e eléctricos. 	<ul style="list-style-type: none"> Describe as etapas fundamentais das máquinas térmicas (gasolina e diesel) e o funcionamento dos motores e xeradores eléctricos. 	<ul style="list-style-type: none"> Unha parte do exame individual escrito <p>20%</p>

TÁBOA 2. Páxina 2 Tecnoloxía Industrial II

SEGUNDA AVALIACIÓN					
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRIPCIÓN DO ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN NA 2ª AVALIACIÓN	
7	TI2B3.1.1.	<ul style="list-style-type: none"> Define as características e a función dos elementos dun sistema automático, interpretando planos e esquemas destes. 	<ul style="list-style-type: none"> Expresa con claridade e con/sen axuda de sistemas informáticos a teoría fundamental de sistemas automáticos (simboloxía, tipos, funcionamento, etc.). É quen de programar un robot para que realice unha tarefa preestablecida. 	<ul style="list-style-type: none"> Presentación colaborativa. Prácticas individuais con robots mbot. 	<p>10%</p> <p>20%</p>
8	TI2B3.1.2.	<ul style="list-style-type: none"> Diferencia entre sistemas de control de lazo aberto e pechado e propón exemplos razoados. 	<ul style="list-style-type: none"> Explica con claridade as diferenzas fundamentais de sistemas con e sen realimentación. 	<ul style="list-style-type: none"> Presentación dixital en parellas Exame individual escrito 	<p>5%</p> <p>5%</p>
9	TI2B3.2.1.	<ul style="list-style-type: none"> Deseña mediante bloques xenéricos sistemas de control para aplicacións concretas, describe a función de cada bloque no conxunto e xustifica a tecnoloxía empregada. 	<ul style="list-style-type: none"> Representa mediante diagramas de bloques e coa axuda de programas informáticos como draw.io a estrutura simplificada dun sistema automático 	<ul style="list-style-type: none"> Práctica en parellas con draw.io Exame individual práctico 	<p>5%</p> <p>5%</p>
10	TI2B3.3.1.	<ul style="list-style-type: none"> Verifica mediante simuladores os sinais de entrada e saída dun sistema automático. 	<ul style="list-style-type: none"> Emprega correctamente un simulador de circuitos pneumáticos para comprobar o funcionamento dun deseño dado. 	<ul style="list-style-type: none"> Prácticas en parellas con simulador pneumático. Exame individual práctico con simulador pneumático. 	<p>15%</p> <p>10%</p>
11	TI2B3.4.1.	<ul style="list-style-type: none"> Monta fisicamente circuitos simples, interpretando esquemas e realizando gráficos dos sinais nos puntos significativos. 	<ul style="list-style-type: none"> Monta circuitos pneumáticos a partir de especificacións dadas e comproba o seu correcto funcionamento. Debuxa os sinais máis salientables deses circuitos. 	<ul style="list-style-type: none"> Prácticas en grupo con kits de montaxe pneumáticos. Exame práctico en parellas con kits de montaxe pneumáticos. 	<p>15%</p> <p>10%</p>

TÁBOA 2. Páxina 3 Tecnoloxía Industrial II

TERCEIRA AVALIACIÓN					
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRICIÓN DO ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN NA 3ª AVALIACIÓN	
12	TI2B4.1.1.	<ul style="list-style-type: none"> Realiza táboas de verdade de sistemas combinacionais, identificando as condicións de entrada e a súa relación coas saídas solicitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Os estados da táboa de verdade se axustan ao esperado. 	<ul style="list-style-type: none"> Parte do 1º exame escrito individual 	10%
13	TI2B4.1.2.	<ul style="list-style-type: none"> Deseña circuitos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuito. 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza correctamente simplificacións por Karnaugh e emprega a simboloxía lóxica do circuito requerido. 	<ul style="list-style-type: none"> Parte do 1º exame escrito individual 	10%
14	TI2B4.1.3.	<ul style="list-style-type: none"> Deseña circuitos lóxicos combinacionais con bloques integrados, partindo de especificacións concretas, e propón o posible esquema do circuito. 	<ul style="list-style-type: none"> Deseña correctamente os circuitos empregando datasheets dos integrados e consultando en internet. 	<ul style="list-style-type: none"> Práctica en parellas 	10%
15	TI2B4.1.4.	<ul style="list-style-type: none"> Visualiza sinais en circuitos dixitais mediante equipamentos reais ou simulados, e verifica a súa forma. 	<ul style="list-style-type: none"> Monta e comproba con o polímetro ou o osciloscopio o correcto funcionamento de circuitos dixitais sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> Práctica en parellas con circuitos dixitais reais ou simulados. 	10%
16	TI2B5.1.1.	<ul style="list-style-type: none"> Explica o funcionamento dos biestables, indicando os tipos e as súas táboas de verdade asociadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Debuxa correctamente a táboa de verdade dun biestable básico e describe o seu funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> Parte do 2º exame escrito individual 	10%
17	TI2B5.1.2.	<ul style="list-style-type: none"> Debuxa o cronograma dun contador e explica os cambios que se producen nos sinais. 	<ul style="list-style-type: none"> Debuxa o cronograma correctamente e redacta con precisións os cambios máis salientables. 	<ul style="list-style-type: none"> Parte do 2º exame escrito individual 	10%
18	TI2B5.2.1.	<ul style="list-style-type: none"> Obtén sinais de circuitos secuenciais típicos empregando software de simulación. 	<ul style="list-style-type: none"> O resultado da simulación é o esperado. Pode consultar internet para resolver as dúbidas que poidan atopar.. 	<ul style="list-style-type: none"> Práctica en parellas cun simulador (Tina ou similar) 	10%

19	TI2B5.2.2.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Debuxa cronogramas de circuitos secuenciais partindo dos esquemas destes e das características dos elementos que o compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os cronogramas realizados son claros e se axustan ao funcionamento dos circuitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Parte do 2º exame escrito individual 	10%
20	TI2B5.3.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Deseña circuitos lóxicos secuenciais sinxelos con biestables a partir de especificacións concretas e elaborando o esquema do circuito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os esquemas realizados son claros e se axustan aos requisitos esixidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Parte do 2º exame escrito individual 	10%
21	TI2B5.4.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica os principais elementos que compoñen un microprocesador tipo e compárao con algún microprocesador comercial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entrega a presentación en prazo e cuns requisitos mínimos estipulados de antemán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Presentación dixital en parellas e exposición en público. 	10%

TÁBOA 2. Páxina 4 Tecnoloxía Industrial II

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A materia de Tecnoloxía Industrial II se baseará entre outras na metodoloxía de proxectos, de acordo con o punto 9 do artigo 11 do DOGA Num.120 do 29 de Xuño de 2015.

Realizaranse moitas prácticas/proxectos en parellas. Outras serán individuais.

No caso de que haxa alumnos con NEE e dado que o número de alumnos é reducido tamén será máis sinxelo dedicarlle unha atención personalizada mentres o resto da clase está a traballar.

f) Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar

Ademais das fichas con exercicios e de teoría que a profesora lle entregará ó alumnado, a materia precisa recursos e materiais específicos tal como se especifica na **seguinte táboa**, onde se indica a relación dos mesmos para cada estándar de aprendizaxe.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (Táboa 3)

Estándares de aprendizaxe	Materiais e recursos didácticos
Bloque 1. Materiais	
▪ TI2B1.1.1. Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna.	▪ Ningún específico
▪ TI2B1.1.2. Selecciona o material máis axeitado para unha aplicación concreta, obtendo información por medio das tecnoloxías da información e da comunicación.	▪ Computadores con acceso a internet.
Bloque 2. Principios de máquinas	
▪ TI2B2.1.1. Debuxa esbozos de máquinas empregando programas de deseño CAD, e explica a función de cada un no conxunto.	▪ Computadores con o programa SketchUp ▪ Impresoras 3D
▪ TI2B2.1.2. Define as características e a función dos elementos dunha máquina, interpretando planos de máquinas dadas.	▪ Planos de máquinas ▪ Maquetas de motores térmicos. ▪ Motores eléctricos
▪ TI2B2.2.1. Calcula rendementos de máquinas tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento.	▪ Calculadora
▪ TI2B2.2.2. Describe o funcionamento e as partes dos motores térmicos e eléctricos.	▪ Planos de máquinas ▪ Maquetas de motores térmicos. ▪ Motores eléctricos
Bloque 3. Sistemas automáticos	

Estándares de aprendizaxe	Materiais e recursos didácticos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B3.1.1. Define as características e a función dos elementos dun sistema automático, interpretando planos e esquemas destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Esquemas de sistemas automáticos ▪ Robots mbot
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B3.1.2. Diferencia entre sistemas de control de lazo aberto e pechado, e propón exemplos razoados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ningún específico
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B3.2.1. Deseña mediante bloques xenéricos sistemas de control para aplicacións concretas, describe a función de cada bloque no conxunto e xustifica a tecnoloxía empregada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Draw.io
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B3.3.1. Verifica mediante simuladores os sinais de entrada e saída dun sistema automático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Computadores con acceso a internet ▪ Simulador pneumático
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B3.4.1. Monta fisicamente circuitos simples, interpretando esquemas e realizando gráficos dos sinais nos puntos significativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Kits de pneumática
Bloque 4. Circuitos e sistemas lóxicos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B4.1.1. Realiza táboas de verdade de sistemas combinacionais, identificando as condicións de entrada e a súa relación coas saídas solicitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ningún específico
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B4.1.2. Deseña circuitos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ningún específico
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B4.1.3. Deseña circuitos lóxicos combinacionais con bloques integrados, partindo de especificacións concretas, e propón o posible esquema do circuito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Datasheets de circuitos integrados
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B4.1.4. Visualiza sinais en circuitos dixitais mediante equipamentos reais ou simulados, e verifica a súa forma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Computadores con Tina ▪ Osciloscopio
Bloque 5. Control e programación de sistemas automáticos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.1.1. Explica o funcionamento dos biestables, indicando os tipos e as súas táboas de verdade asociadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Papel ▪ Útiles de debuxo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.1.2. Debuxa o cronograma dun contador e explica os cambios que se producen nos sinais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Papel ▪ Útiles de debuxo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.2.1. Obtén sinais de circuitos secuenciais típicos empregando software de simulación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Computadores. ▪ Tina versión estudante. ▪ Simulador online
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.2.2. Debuxa cronogramas de circuitos secuenciais partindo dos esquemas destes e das características dos elementos que o compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Computadores. ▪ Tina versión estudante. ▪ Simulador online
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.3.1. Deseña circuitos lóxicos secuenciais sinxelos con biestables a partir de especificacións concretas e elaborando o esquema do circuito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Placas protoboard ▪ Circuitos integrados dixitais ▪ Cableado ▪ Polímetro
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.4.1. Identifica os principais elementos que compoñen un microprocesador tipo e compárao con algún microprocesador comercial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Computadores con acceso a internet

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Nesta materia, temos 21 estándares de aprendizaxes avaliáveis.

Na táboa 2 (páx. 13-16) se mostraban os instrumentos de avaliación en relación cos diferentes estándares.

Cada instrumento de avaliación estará ponderado segundo as instrucións da táboa 2.

No caso de que un estándar determinado teña que cambiar de avaliación ou non se poda cualificar por falta de tempo, a media se fará de acordo á nova temporalización que o profesor estime axeitada. Neste suposto, as ponderacións da táboa 2 poden verse lixeiramente modificadas (sempre de maneira proporcional), avisando aos alumnos o antes posible.

A cualificación parcial da cada unha das tres avaliacións determinarase a partir da información acadada polas diversas ferramentas de avaliación establecidas na táboa 2, e tendo en conta que:

CUALIFICACIÓN PARCIAL

- O valor da cualificación obtida por cada instrumento de avaliación será un número entre 0 e 10.
- A cualificación parcial de cada avaliación farase coa media **ponderada** tendo en conta o peso de cada instrumento recollidos na táboa 2 para cada unha das tres avaliacións:
$$\text{Cualificación parcial} = \sum (\text{cualificación instrumento} * \text{peso instrumento})$$
- A **nota do boletín** de cada avaliación se determinará por aproximación ao enteiro máis próximo da cualificación parcial. Unha nota igual o superior a 5 indicará que o alumno alcanzou os obxectivos e acadou as competencias curriculares establecidas na programación para cada avaliación.
- **Non é necesario acadar ningún mínimo na avaliación de cada estándar para facer media.**
- **No caso de que se detecte plaxio nos traballos ou se copie nos exames ou nas probas prácticas a avaliación completa estará suspensa aínda que a media sexa maior que 5. Se a media resulta maior que 5 se porá un 4 no boletín e se explicará nas observacións o motivo da nota. Se a media xa resultara menor que 5, no boletín aparecería dita media.**

O alumno cunha **nota do boletín** inferior a 5 terá que presentarse, despois do período de vacacións que segue á 1ª e 2ª avaliación e antes das vacacións de verán para a 3ª avaliación, ás probas de recuperación. Tendo en conta que non terá que repetir as probas asociadas aos instrumentos de avaliación con cualificación maior o igual a cinco. Estas probas de recuperación terán como referencia os graos mínimos de consecución de cada estándar e polo tanto terán unha cualificación máxima de 5 puntos.

CUALIFICACIÓN GLOBAL ORDINARIA

- A cualificación global ordinaria virá dada pola media aritmética das tres cualificacións parciais.
- A **nota do boletín** da avaliación ordinaria será a aproximación ao enteiro máis próximo da cualificación global de xuño. Unha nota igual ou superior a 5 indicará que o alumno alcanzou, en termos xerais, os obxectivos e acadou as competencias curriculares establecidas na programación. A efectos administrativos terá a materia de TecIndII de 1º de bacharelato superada coa nota correspondente

Os alumnos que non acaden na avaliación ordinaria unha **nota de boletín** igual ou superior a 5 poderán presentarse ás probas extraordinaria da convocatoria de xuño, despois de asistir ás clases de reforzo habilitadas a tal efecto en xuño. Estas probas se realizarán do mesmo xeito que as da avaliación ordinaria (focalizaranse nas competencias que o alumno non acadadase e se lle manterán as notas nas competencias xa acadadas).

CUALIFICACIÓN GLOBAL EXTRAORDINARIA

A **nota do boletín** da avaliación extraordinaria será a aproximación ao enteiro máis próximo da cualificación . Unha nota igual ou superior a 5 indicará que o alumno alcanzou, en termos xerais, os obxectivos e acadou as competencias curriculares establecidas na programación. A efectos administrativos terá a materia de TecIndII de 1º de bacharelato superada coa nota correspondente.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Se algúns dos indicadores de logro proposto non aplicase (por exemplo o número 5 e 6 no caso de non contar con alumnos con NEAE) estes non se terán en conta para calcular a media global.

Indicadores de logro do proceso de ensino	ESCALA			
	1	2	3	4
1.O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
3. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
6. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
7. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
8. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
9 . Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
10. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo				

Indicadores de logro da práctica docente	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				

6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
13 As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares				
14. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

O alumnado que curse 2º de bacharelato con Tecnoloxía Industrial I pendente de 1º de bacharelato deberá presentar uns traballos ao longo do curso. Estes traballos proporcionaráselle ao alumnado con suficiente antelación e haberá un espazo de tempo suficiente para que poidan preguntarlles as dúbidas aos profesores.

No caso de non presentar os traballos ou entregalos fora de prazo ou que a súa valoración non sexa positiva, o alumnado debera presentarse a un exame de contidos mínimos para poder superar a materia que soe ter lugar no mes de Abril. Se a nota é superior a 5 estará aprobado. En caso contrario estará suspenso.

Como acordo de departamento o seguimento da materia pendente de 1º curso a realizará o profesor que imparte esa materia.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Os primeiros días de clase a profesora realizará sondaxes á clase en xeral para facerse unha idea dos coñecementos previos globais.

Ademais, nos primeiros días de clase o alumnado realizará unha proba escrita que non computará para a cualificación da materia.

Será tipo test, e nela se preguntarán aspectos clave necesarios para un bo seguimento da materia en 3º.

No caso de que se detecten deficiencias ou dificultades se proporán actividades de reforzo individuais ou colectivas para minimizar o perxuízo dos alumnos. (Adicar algunha clase a repasar temas clave, entregarlles ao alumnado fichas con información e/ou exercicios resoltos e outros para practicar na casa,)

l) Medidas de atención á diversidade.

Deberán realizarse unha vez se coñeza o alumnado e as súas características.

m) Concreción dos elementos transversais

Dentro da materia trátanse moitos temas transversais xa que se fala con frecuencia dos novos inventos e materiais que aparecen nos medios de comunicación e se fan pequenos debates de opinión, pero especificamente, os elementos transversais cos que máis se traballa na aula son os seguintes:

Comprensión lecto-escritora:

- Tratarase durante todo o curso, xa que o alumnado deberá ler e redactar textos tecnolóxicos continuamente.

A expresión oral e comunicación audiovisual:

- Deberán expresar o funcionamento de sistemas ou procesos tecnolóxicos constantemente.
- Explicarán o seus proxectos ao profesor e resto de compañeiros coa axuda de presentacións dixitais se fose preciso.

Igualdade:

- Aproveitarase no traballo do taller para facer fincapé en que non hai traballos de homes e de mulleres. E o alumnado irá rotando tanto nas tarefas de limpeza e recollida da aula como no emprego de instrumental do taller.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

Visita ao Centro Tecnolóxico Aimen en Torneiros e outra ao Centro Laser de Aimen en Porriño tamén. Actividade prevista para o día 15 de Novembro de 2018.

A visita ao Centro tecnolóxico xa se ven realizando dende o curso 2013-2015.

ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para elo, propoñemos o emprego dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte.

Se e necesario se indicaran os contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista. E tamén as posibles medidas que se adopten como resultado da revisión.

Indicadores de logro de la programación	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				

4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
13. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
14. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
19. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
20. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
21. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
22. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
23. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
25. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				

26. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
27. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
28. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos				

o) Alumnado que non cursase Tecnoloxía Industrial I.

Aquel alumnado que non cursase a materia de Tecnoloxía Industrial I en 1º curso de bacharelato e se matriculase na de 2º curso, non terá que examinarse obrigatoriamente da primeira.

O profesor de Tecnoloxía Industrial II realizará nos primeiros días de setembro unha entrevista co alumno (e/ou en caso necesario cos profesores que lle impartiron clase nos cursos previos) . Con esta información avaliará sen o alumno conta cos coñecementos previos necesarios para cursar esta materia de xeito satisfactorio. En caso de que o profesor o estime oportuno poderá facerlle unha proba escrita para avaliar a idoneidade ou non de que se matricule na materia. O profesor pode rexeitar que un alumno se matricule se considera con feitos obxectivos e probados que vai ter dificultades para obter un aproveitamento razoable nas clases.

Se o profesor observa que os coñecementos lóxicos e matemáticos así como os tecnolóxicos son insuficientes para poder seguir a materia de 2º con éxito pero non insalvables, proporalle a ese alumnado específico tarefas de reforzo dos contidos mínimos necesarios.

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA
COMUNICACIÓN II
2º BACHARELATO
CURSO 2022-2023
IES Ribeira do Louro**

Índice

a) Introducción e contextualización.....	3
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	5
c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....	8
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:.....	9
1º. Temporalización.....	9
2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia	12
3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	12
e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	16
f) Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar.....	16
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	16
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	18
i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	20
j) Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.	21
k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	22
l) Medidas de atención á diversidade.....	22
m) Concreción dos elementos transversais.....	22
n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.....	23
ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	23
o) Alumnado que non cursase Tics 1 de 1º de bacharelato.....	25

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN II
2º DE BACHARELATO
CURSO 2022-2023

a) Introducción e contextualización

Contextualización

Esta programación pretende ser unha guía útil para a impartición da materia de **TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN II** no segundo curso de bacharelato no ano 2022-2023 no IES Ribeira do Louro de Torneiros (O Porriño),
Cóntase con 3 sesións semanais.

É unha materia optativa á que poden acceder alumnos de todas as especialidades e non teñen porqué ter cursada a materia de TIC en 4º da ESO nin en 1º de bacharelato (neste último caso faríase previamente unha proba de coñecementos para ver se o/a alumno/a pode seguir a materia axeitadamente).

Esta programación reflectie os cambios debidos a aprobación da orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación de bacharelato en Galicia. Os cambios refírense ao apartado g.

Introdución

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, as TIC achéganlle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediata que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas coas TIC conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles

para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das novas tecnoloxías proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios propios deste ámbito tecnolóxico.

Nos dous cursos de bacharelato, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación persegue a consolidación dunha serie de coñecementos tecnolóxicos indispensables. Así, **o bloque "A sociedade da información e o computador"** introduce o alumnado na importancia desta materia na sociedade actual. **Os bloques "Arquitectura de computadores", "Redes de computadores" e "Seguridade"** abundan en aspectos relativos aos compoñentes e á configuración dos computadores, e á súa conexión en redes.

O **bloque "Software para sistemas informáticos"** afonda no uso de aplicacións de uso común no mundo actual, tales como as aplicacións ofimáticas de edición de texto, de cálculo, de elaboración de presentación, de almacenaxe de información e de traballo con imaxe e vídeo. E os bloques "Programación" e "Publicación e difusión de contidos" afondan no deseño de programas que permitan dar solucións a problemas do mundo real, e no uso destes no mundo de internet.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as TIC se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas.

Un enfoque interdisciplinar, xa que logo, favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, as TIC admiten tratamentos moi diversos, porque serven tanto para integrar as restantes materias do currículo como para afondar en aspectos moi específicos, como a programación ou as comunicacións, sen esquecer que son especialmente indicadas para reflexionar sobre os temas tecnolóxicos e de actualidade.

Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se desenvolven destrezas técnicas para acceder ás redes de información, que tamén se comparte, e se utilizan aplicacións informáticas de propósito xeral. Neste contexto, a iniciativa, a

colaboración e o respecto polas normas de seguridade e polos dereitos dos colectivos relacionados coa cultura ou coa produción de programas informáticos son tan importantes como o dominio dos recursos informáticos e das redes de comunicacións.

A participación pode potenciarse nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas mediante a realización de proxectos informáticos, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

Na ensinanza das TIC resulta, daquela, adecuado reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas concretos onde se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Estan recollidos no DOGA num 120 do 29 de Xuño de 2015. Páxas 26757-26761. Para cada un dos estándares de aprendizaxe se especifican as competencias clave.

Se incidirá no traballo de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nas máis afíns á área.

Dende a materia de 2º de bacharelato das Tecnoloxías da información e da comunicación se traballa para acadar cada tipo de competencia.

A contribución da materia de TIC ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a **comunicación lingüística** desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A **competencia matemática** e as **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** poden alcanzarse configurando e administrando máquinas e sistemas operativos, aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos ou asumindo hábitos seguros no contexto das redes de comunicación, competencias que tamén se favorecen analizando o funcionamento de

programas, aplicacións e sistemas operativos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións dos hábitos sociais en internet.

A **competencia dixital**, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular sistemas, ou para elaborar programas ou utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.

Para que o alumnado poida **aprender a aprender**, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as **competencias sociais e cívicas** alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento das TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos. E a **conciencia e as expresións culturais** reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En resumo, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto das TIC que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

Esta programación elaborouse segundo uns criterios integradores que incorporan os mecanismos axeitados para alcanzar o desenvolvemento do conxunto das competencias. Está claro que, dada a natureza da materia, algunhas delas están incluídas de maneira moito máis explícita que outras. Tal é o caso, por exemplo, da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía ou da competencia dixital. Con todo, debido ao carácter que posúe a materia, tamén permite un tratamento privilexiado daquelas outras relacionadas coa creatividade, coa comunicación, co traballo en grupo, coa procura e selección de información ou coa achega de solucións a problemas ou

situacións reais.

En particular, a competencia en comunicación lingüística traballarase desde a dobre vertente da elaboración de textos escritos en diferentes formatos e da exposición oral dos traballos realizados. No primeiro caso, ademais, exploraranse as novas canles de comunicación que incorporan as tecnoloxías da comunicación e que reciben nesta materia un tratamento específico. Tal é o caso das redes sociais, por exemplo. No segundo caso, no relacionado coa comunicación oral, propóñense actividades que posibilitan a procura de información, a selección da mesma, a estruturación do contido e a exposición oral final, servíndose de diferentes ferramentas dixitais para a tarefa.

Outra das competencias que reciben un tratamento máis explícito é a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, por unha razón dobre. Por unha banda, porque o mundo da informática responde a avances científicos e técnicos que hai que traballar se se pretende comprendelos e asimilalos en profundidade e, por outra banda, porque o desenvolvemento de aplicacións de software (programación), esixe uns procedementos de resolución de problemas que responde con exactitude aos de resolución de problemas matemáticos e requiren do alumnado un tratamento estruturado propio das disciplinas científicas.

Evidentemente, a competencia dixital é a que poderá desenvolverse dunha forma máis explícita debido a que, na súa maioría, a materia proporciona información sobre os recursos dixitais que logo poderán ser aplicados na resolución de problemas xurdidos en diferentes áreas de coñecemento.

A adquisición da competencia para aprender a aprender prodúcese no momento en que os alumnos e as alumnas deben recorrer a estratexias organizativas persoais para estruturar e assimilar os contidos. Existen momentos definidos para tal tarefa, e teñen que ver cos procesos de procura e selección de información en diferentes fontes, a selección e a estruturación da mesma, e a realización de esquemas e mapas conceptuais que personalizan a aprendizaxe.

En toda actividade humana que requira a interrelación con outras persoas necesariamente han de traballarse as competencias sociais e cívicas. O feito educativo

nun centro escolar desenvólveas de forma natural. Sen embrago, existen certas actividades que colaboran dunha maneira máis explícita á súa adquisición, como son todas aquelas que involucren un traballo colaborativo ou unha tarefa expositiva. Ambas son traballadas na materia de forma cotiá.

No ámbito das novas tecnoloxías é relativamente sinxelo identificar situacións que poidan ser simplificadas grazas ao emprego selectivo de ferramentas informáticas. É este feito o que proporciona un medio para traballar a competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor de maneira que o achegue creativo dos alumnos e as alumnas propicie un sistema de mellora das condicións nas que se desenvolven as súas vidas cotiás.

Por último, é leste mesmo aspecto, a creatividade, o que desenvolve o sentido polo valor que teñen as diferentes expresións culturais, no abanico que vai desde as convencionais até aquelas que incorporan recursos novos relacionados co TIC, que até hai uns anos resultaban impensables. Desde esta perspectiva é desde onde se busca a incorporación da competencia de conciencia e expresións culturais.

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

Están recollidos no DOGA num 120 do 29 de Xuño de 2015. Páxs 25466-25467. Son aqueles obxectivos xerais da etapa que se desenvolven dende a materia.

De forma máis específica teríamos os seguintes obxectivos para a materia no 2º curso de bacharelato.

- Explicar as estruturas de almacenamento.
- Elaborar diagramas de fluxo usando elementos gráficos.
- Obter o resultado de seguir un programa.
- Optimiza e depurar código.
- Elaborar programas.
- Responsabilizar o alumnado sobre a necesidade de empregar os servizos de internet dentro dun marco legal e ético.
- Coñecer as estruturas básicas de control: Estrutura secuencial, estrutura selectiva e estrutura repetitiva.

- Coñecer as instrucións selectivas así como os operadores relacionais (maior que, menor que, etc.) e os operadores lóxicos.
- Coñecer as estruturas que permiten a creación de bucles .
- Elaborar programas que resolvan problemas sinxelos e que conteñan estruturas aniñadas, funcións e subprocesos.
- Realizar diagramas de fluxo coa axuda de software específico.
- Diseñar páxinas web e blogs.
- Elaborar esquemas de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede (SW e HW).
- Seleccionar elementos de protección de software para internet relacionándoos cos posibles ataques.
- Clasificar o código malicioso pola súa capacidade de propagación.
- Elaborar traballos na web 2.0.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

1º. Temporalización.

Esquemáticamente, a planificación temporal está recollida na táboa 1, (páxina seguinte) na que se relaciona cada estándar co número de sesións que se lle asigna (se aproxima a unha hora por sesión, aínda que na realidade son 50 minutos).

Despois se detalla máis en detalle cada unha das actividades que se van facer ao longo dos trimestres.

Se se suman as horas que se lle adican a cada estándar de aprendizaxe, en ocasións o total suma máis horas das que ten un trimestre. Isto é lóxico xa que as veces trabállanse varios estándares ao tempo. (Por exemplo: TIC2B3.2.1.e TIC2B1.3.1.)

Tense en conta na temporalización que os alumnos que cursen conxuntamente TIC2 e relixión só terán dúas horas de Tic á semana e os que non cursan relixión terán tres. No momento de facer esta programación non había ningún alumno matriculado en relixión, polo que todo o alumnado contará con 3 sesións semanais.

No caso de que houberse finalmente alumnado con relixión se tratarían todos os contidos en dúas horas a semana, e a terceira (aquela na que pode que non estean tódolos alumnos) adicariáse a repaso, a rematar tarefas pendentes aqueles alumnos aos que non lles dera tempo, resolución de dúbidas, traballos voluntarios para subir nota, etc.

TEMPORALIZACIÓN (Táboa 1)

Estándares de aprendizaxe	MOMENTO DO CURSO NO QUE SE IMPARTE E ESTIMACIÓN TEMPORAL
Bloque 1. Programación	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.1.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º Trimestre (2h)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.2.1. Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º Trimestre (12h)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.3.1. Elabora programas de mediana complexidade definindo o fluxograma correspondente e escribindo o código correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º Trimestre (10h)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.4.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º Trimestre (4h)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.4.2. Optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º e 2º Trimestre (4h)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B3.2.1. Elabora programas de mediana complexidade utilizando contornos de programación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º e 2º Trimestre (10h)
Bloque 2. Publicación e difusión de contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B2.1.1. Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º e 3º Trimestre (18h)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B2.2.1. Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º e 3º Trimestre (9h)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B2.3.1. Explica as características relevantes da web 2.0 e os principios en que esta se basea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º Trimestre (1h)
Bloque 3. Seguridade	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B3.1.1. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando tanto os elementos de hardware de protección como as ferramentas de software que permiten protexer a información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º Trimestre (9h)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.5.2. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando os elementos de hardware de protección 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º Trimestre (9h)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.5.3. Clasifica o código malicioso pola súa capacidade de propagación e describe as características de cada un, indicando sobre que elementos actúan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º Trimestre (9h)

Secuenciación de contidos:

Secuenciación de contidos
Primeiro trimestre e parte do segundo (12 semanas. 33 sesións aprox.)
Bloque 1. Programación
<ul style="list-style-type: none">▪ B1.1. Estruturas de almacenamento de datos. Tipos de datos. Variables, vectores e matrices. Listas, pilas e colas. Estruturas.▪ B1.2. Diagramas de fluxo: elementos e símbolos e o seu significado.▪ B1.3. Deseño de algoritmos con diagramas de fluxo utilizando ferramentas informáticas.▪ B1.4. Transformación de diagramas de fluxo en pseudocódigo ou en código fonte.▪ B1.5. Programación modular: módulos, procedementos e funcións.▪ B1.6. Deseño e realización de probas: tipos de probas e casos de proba. Depuración.▪ B1.7. Optimización e documentación. Análise de código e refactorización. Repositorios de código e control de versións.▪ B3.2. Uso básico dun contorno de desenvolvemento: edición de programas e xeración de executables
Parte do segundo trimestre e do terceiro (10 semanas. 27 sesións aprox.)
Bloque 2. Publicación e difusión de contidos
<ul style="list-style-type: none">▪ B2.1. Linguaxes de marcaxe para a creación de documentos web.▪ B2.2. Accesibilidade e usabilidade en internet.▪ B2.3. Ferramentas de xestión de contidos da web 2.0.▪ B2.4. Características da web 2.0.
Parte do Terceiro trimestre (8 semanas. 21 sesións aprox.)
Bloque 3. Seguridade
<ul style="list-style-type: none">▪ B3.1. Medidas físicas e lóxicas de seguridade en redes: devasas, copias de seguridade, sistemas de control de acceso, monitorización de sistemas e análise de logs.▪ B1.8. Seguridade lóxica. Tipos de ameaza e técnicas de vixilancia dos sistemas: protección contra virus e respaldo de información▪ B1.9. Seguridade física: protección física das redes.▪ B1.10. Tipos de código malicioso e usos: virus, troianos, portas traseiras e publicitario.

2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia

3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para cada estándar de aprendizaxe definimos un grao de consecución mínimo que se mostra na páxina seguinte na táboa 2.

Os procedementos e instrumentos de avaliación tamén aparecen reflectidos na mesma táboa.

Nesta materia os instrumentos de avaliación serán os seguintes:

- Traballos/prácticas individuais
- Traballos/prácticas en grupo
- Exames escritos
- Exames prácticos

No apartado g explícase de xeito detallado como se cualifica a materia

Táboa 2. pax1

PRIMEIRA AVALIACIÓN					
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		DESCRICIÓN DO ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN NA 1ª AVALIACIÓN
1	TIC2B1.1.1	Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.	Identifica os tipos de datos mais axeitados para aplicacións concretas. Distingue os métodos FIFO e LIFO e explica o seu funcionamento.	<ul style="list-style-type: none"> Exame escrito individual. 	5%
2	TIC2B1.2.1	Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos.	O diagrama de fluxo xerado representa correctamente a solución ao problema proposto.	<ul style="list-style-type: none"> Exame individual cun editor de diagramas de fluxo como draw.io. 	15%
5	TIC2B1.4.1	Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións	Explica os resultados duns códigos dados escritos en pseudocódigo	<ul style="list-style-type: none"> Exame escrito individual sen o ordenador. 	10%
6	TIC2B1.4.2	Optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.	Localiza a metade dos erros dun programa dado. Emprega comentarios para facer o código máis comprensible.	<ul style="list-style-type: none"> Exame escrito individual no que pode empregar o ordenador. 	10%
14	TIC2B3.2.1	Elabora programas de mediana complexidade contornos de programación.	Escribe programas en python que se executan correctamente e cumpren os requisitos mínimos esixidos, empregando estruturas condicionais , secuenciais e iterativas.	<ul style="list-style-type: none"> Prácticas individuais de programación en python. Exame práctico individual de programación en python. 	<ul style="list-style-type: none"> 30% 30%
3	TIC2B1.3.1	Elabora programas de mediana complexidade definindo o fluxograma correspondente e escribindo o código correspondente			

Táboa 2. pax2

SEGUNDA AVALIACIÓN					
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		DESCRICIÓN DO ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN NA 2ª AVALIACIÓN
4	TIC2B1.3.2	Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas.	Escrebe programas en python que se executan correctamente e cumpren os requisitos mínimos esixidos, empregando funcións e estruturas condicionais, secuenciais e iterativas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Prácticas individuais de programación en python. ▪ Exame práctico individual de programación en python. 	<p>25%</p> <p>25%</p>
0	TIC2B2.1.1	Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada	Deseña páxinas web empregando html e cumprindo uns requisitos mínimos (texto formateado, imaxes, contidos multimedia, calidade estética, lexibilidade, ligazóns, etc.)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Prácticas de html e css coa plataforma Khan Academy ou similar 	50%

Táboa 2. pax3

TERCEIRA AVALIACIÓN					
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		DESCRICIÓ DO ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN NA 3ª AVALIACIÓN
12	TIC2B2.3.1	Explica as características relevantes da web 2.0 e os principios en que esta se basea.	Deseña unha web con Wordpress e a actualiza ao longo do trimestre. A temática poderá ser libre pero cuns requisitos previos, incluírá unha entrada sobre a web 2.0. Colabora con posts noutros blogs de compañeiros.	<ul style="list-style-type: none"> webs propia+colaboración noutros blogs de compañeiros . 	50%
13	TIC2B3.1.1	Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando tanto os elementos de hardware de protección como as ferramentas de software que permiten protexer a información.	Distingue e describe os principais exemplos de seguridade SW e HW	<ul style="list-style-type: none"> Exame escrito individual 	20%
7	TIC2B1.5.1	Selecciona elementos de protección de software para internet relacionándoos cos posibles ataques.	Identifica correctamente a solución que se debe elixir para cada tipo de ataque.		
8	TIC2B1.5.2	Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando os elementos de hardware de protección	Elabora un esquema básico de seguridade HW		
9	TIC2B1.5.3	Clasifica o código malicioso pola súa capacidade de propagación e describe as características de cada un, indicando sobre que elementos actúan.	Identifica e clasifica a rasgos xerais os códigos maliciosos.		
11	TIC2B2.2.1	Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0.	Entrega o documento en prazo. O documento cumpre os requisitos estipulados. Explicación en público aceptable.	<ul style="list-style-type: none"> Documento colaborativo + exposición oral 	30%

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A materia de Tics II en 2º de bacharelato se baseará en metodoloxías variadas de acordo con o punto 9 do artigo 27 do DOGA Num.120. Polo tanto os contidos non se repartirán en unidades didácticas estancas, empregarase unha metodoloxía "en espiral" (íranse introducindo conceptos e procedementos novos e afondando máis naqueles que xa se viran en outros cursos ou materias).

A materia de Tics II se baseará entre outras na metodoloxía de proxectos, de acordo con o punto 9 do artigo 11 do DOGA Num.120 do 29 de Xuño de 2015.

Realizaranse moitas prácticas/proxectos en parellas e equipos. Outras serán individuais.

f) Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar

Na aula cóntase cun ordenador con conexión a internet por alumno.

En cada ordenador atópase instalado o software necesario para o desenvolvemento da materia (Libre Office e Pycharm). Moitos dos programas que se empregarán ao longo do curso non precisan estar instalados pois existen versións en liña, como é o caso do editor de diagramas "Draw.io".

En ocasións, serán os propios alumnos os que deban descargar e instalar diversos programas informáticos co fin de acadar certos estándares de aprendizaxe.

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Nesta materia, temos 12 estándares de aprendizaxes avaliábeis.

Na **táboa 2** (páx 13-15). se mostran os instrumentos de avaliación en relación con os diferentes estándares e a ponderación que se lle da a cada instrumento de avaliación na nota de cada avaliación.

Para cada estándar de aprendizaxe definimos un grao de consecución mínimo reflectido tamén na táboa 2.

No caso de por causas imprevistas a avaliación dun estándar determinado teña que cambiar de avaliación ou non se poda cualificar, a media se fará de acordo á nova temporalización que o profesor estime axeitada. Neste suposto, as ponderacións da táboa 2 poden verse lixeiramente modificadas (sempre de maneira proporcional), avisando ao alumnado o antes posible.

A cualificación parcial da cada unha das tres avaliacións determinarase a partir da información acadada polas diversas ferramentas de avaliación establecidas na táboa 2, e tendo en conta que:

CUALIFICACIÓN PARCIAL (TRIMESTRAL)

- O valor da cualificación obtida por cada instrumento de avaliación será un número entre 0 e 10.
- A cualificación parcial de cada avaliación farase coa media **ponderada** tendo en conta o peso de cada instrumento recollidos na táboa 2 para cada unha das tres avaliacións:

$$\text{Cualificación parcial} = \sum (\text{cualificación instrumento} * \text{peso instrumento})$$

- A **nota do boletín** de cada avaliación se determinará por aproximación ao enteiro máis próximo da cualificación parcial. Unha nota igual o superior a 5 indicará que o alumno alcanzou os obxectivos e acadou as competencias curriculares establecidas na programación para cada avaliación.
- **Non é necesario acadar ningún mínimo na avaliación de cada estándar para facer media.**
- **No caso de que se detecte plaxio nos traballos ou se copie nos exames ou nas probas prácticas** a avaliación completa estará suspensa aínda que a media sexa maior que 5. Se a media resulta maior que 5 se porá un 4 no boletín e se explicará nas observacións o motivo da nota. Se a media xa resultara menor que 5, no boletín aparecería dita media.

O alumno cunha **nota parcial** inferior a 5 terá que presentarse, despois dos períodos de vacacións que seguen á 1ª e 2ª avaliación e antes da sesión de avaliación ordinaria final para a 3ª avaliación, ás probas/actividades de recuperación. Tendo en conta que non terá que repetir as probas asociadas aos instrumentos de avaliación con cualificación maior o igual a cinco (guardaránselle esas notas). Estas probas de recuperación terán como referencia os graos mínimos de consecución de cada estándar e polo tanto terán unha cualificación máxima de 5 puntos e para obter máis de un 5 terá que facer un traballo extra relacionado proposto pola profesora que cumpra certos requisitos prefizados de antemán.

CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA

- A cualificación final ordinaria virá dada pola media aritmética das tres cualificacións parciais. Tendo en conta que no caso ter suspendida algunha avaliación parcial, a media final ordinaria refarase tendo en conta a nova nota das actividades/probas/exames de recuperación que substituirá ás notas vellas (no caso de que así se mellore a nota, senón se deixa a que tiña orixinalmente).
- A **nota do boletín da avaliación final ordinaria** será a aproximación ao enteiro máis próximo da cualificación global da cualificación ordinaria. Unha nota igual ou superior a 5 indicará que o alumno alcanzou, en termos xerais, os obxectivos e acadou as competencias curriculares establecidas na programación. A efectos administrativos terá a materia de TICS 2 de 2º Bacharelato superada coa nota correspondente.

Os alumnos que non acaden na avaliación final ordinaria unha nota igual ou superior a 5 poderán presentarse á probas extraordinarias da convocatoria de xuño, despois de asistir ás clases de reforzo habilitadas a tal efecto en xuño. Estas probas se realizarán do mesmo xeito que as da avaliación ordinaria (focalizaranse nas competencias que o alumno non acadase e se lle manterán as notas nas competencias xa acadadas para axudar ao alumnado a superar a materia), e poden ser exames, prácticas, exposicións, etc.

CUALIFICACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA

A **nota do boletín** da convocatoria extraordinaria será aproximación ao enteiro máis próximo da cualificación que se tiña na avaliación ordinaria, unha vez reempzados na fórmula os datos das probas traballos e exames da convocatoria extraordinaria (os que o/a alumno/a tivo que repetir por mor de non aprobalos na convocatoria ordinaria). Unha nota igual ou superior a 5 indicará que o alumno alcanzou, en termos xerais, os obxectivos e acadou as competencias curriculares establecidas na programación. A efectos administrativos terá a materia de TICS II de 2º de bacharelato superada coa nota correspondente.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Se algúns dos indicadores de logro proposto non aplicasen, (por exemplo os números 5 e 6 no caso de non contar con alumnos con NEAE) estes non se terán en conta para calcular a media global.

Indicadores de logro do proceso de ensino	ESCALA			
	1	2	3	4
1.O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
3. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
6. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
7. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
8. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
9 . Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
10. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo				

Indicadores de logro da práctica docente	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
13 As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares				
14. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Ó alumnado de 2º de bacharelato con Tics de 1º de bacharelato suspenso deberá realizar uns traballos ó longo do curso.

Cada traballo terá unha fecha de entrega coñecida de antemán polo alumno. O profesor o corraxirá e lle explicará ao alumno os erros detectados en caso de habelos.

Vendo a evolución do proceso, o profesor pode considerar aprobar a materia directamente ou ben indicarlle ao alumno que realice un exame preto a final de curso no que entren os contidos tratados nos traballos que foi realizando ao longo do curso.

O profesor avaliará os coñecementos previos do alumnado coa materia pendente. E sempre para beneficiar ao alumno, daralle a opción ó alumno, de realizar soamente as tarefas daqueles estándares que o alumno non foi quen de acadar o curso pasado (Liberándoo así de carga de traballo que podería repercutirle negativamente nos seus estudos).

No caso de que o alumno non entregue as tarefas encomendadas ao longo do curso ou estas non sexan aceptables, o alumno deberá realizar un exame na data sinalada polo centro para poder recuperar a materia. (no mes maio normalmente).

Neste curso non temos alumnado con Tic1 de 1º de Bacharelato pendente.

j) Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

Para aquel alumnado que non cursase a materia de Tics1 de 1º de bacharelato e se queira matricular na de 2º curso, non terá que examinarse obrigatoriamente da primeira.

Seguindo unha serie de criterios obxectivos e avaliábeis. O xefe do departamento de Tecnoloxía, manterá unha entrevista persoal coa profesora que imparte a materia, que á súa vez manterá unha entrevista co alumno que non cursase Tic1 en 1º de bacharelato para ver á súa competencia Tic na aula no primeiro día de clase e poder valorar se ten os

coñecementos e habilidades informáticos suficientes.

Neste curso temos un alumno con esta casuística Adam Aboujaafar Nahil, o cal demostra ter uns coñecementos Tic suficientes para seguir a materia de 2º curso sen dificultade. (E consta una dilixencia no seu expediente a tal efecto).

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Os primeiros días de clase a profesora realizará sondaxes á clase en xeral para facerse unha idea dos coñecementos previos globais.

Ademais, nos primeiros días de clase o alumnado realizará unha proba coa axuda do ordenador que non computará para a cualificación da materia. Gracias a ela o profesor coñecerá o grao de dominio xeral das Tics de cada alumno/a.

No caso de que se detecten deficiencias ou dificultades se proporán actividades de reforzo individuais ou colectivas para minimizar o perxuízo dos alumnos. (Adicar algunha clase a repasar temas clave, entregarlles ao alumnado fichas con información e/ou enlaces a tutoriais ou manuais de aplicacións para practicar na casa).

l) Medidas de atención á diversidade.

Deberán realizarse ao longo do curso unha vez se coñeza o alumnado e as súas características. Así a poderá realizarse unha adaptación efectiva.

m) Concreción dos elementos transversais

Se tratarán ó longo do curso moitos elementos transversais como se ven facendo dende fai moitos anos en tódalas materias do departamento. Dentro da materia de Tic de bacharelato podemos salientar especificamente os seguintes temas:

- Dereitos da propiedade intelectual.
- Riscos das Tics (ciberacoso, sexting, tecnoadición, etc.).

- Posturas ergonómicas no traballo diante do ordenador.
- Confidencialidade das contrasinais e protección da información.

Isto non quere dicir que non se traten outros (Comunicación audiovisual, igualdade de xénero, etc.), xa que a experiencia di que o tratamento de elementos transversais ás veces xorde de maneira espontánea debido a un tema de actualidade ou a algún feito acontecido na aula e trátanse de forma dinámica.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

Grazas á experiencia doutros anos, observamos que dende diversas institucións e empresas se ofertan visitas, obradoiros, concursos, charlas, etc. Neste momento non se sabe con certeza as actividades específicas que se van realizar por parte do departamento. Normalmente as universidades e empresas ofertan charlas moi interesantes relacionadas coa materia ao longo do curso. No momento que se oferten, se valorará a súa idoneidade coa colaboración do responsable de visitas extraescolares e complementarias do centro para poder realizalas.

ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para elo, propoñemos o emprego dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte ou ben empregar os datos recabados para mellorar as programacións do vindeiro curso. Dita ferramenta se describe a continuación:

Indicadores de logro do proceso de ensino	ESCALA			
	1	2	3	4

1.O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
3. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
6. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
7. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
8. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
9 . Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
10. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo				

Se algúns dos indicadores de logro proposto non aplicase (por exemplo o número 5 e 6 no caso de non contar con alumnos con NEAE) estes non se terán en conta para calcular a media global.

Indicadores de logro da práctica docente	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				

8. Poténciense estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
13 As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares				
14. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				